

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A ATENCIÓN PSICOLÓXICA A MULLERES E MENORES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO, E COMPLEMENTARIAMENTE A OUTRAS PERSOAS DO SEU ENTORNO FAMILIAR QUE VIVAN OU PADEZAN SITUACIÓNS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, E ATENCIÓN PSICOLÓXICA A HOMES CON PROBLEMAS DE CONTROL DE VIOLENCIA NO ÁMBITO FAMILIAR

REUNIDAS

Dunha banda:

Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social e Igualdade en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra:

M^a Rosa Álvarez Prada, Decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (NIF Q1500265B) actuando en representación deste, segundo nomeamento da xunta de goberno tal e como se reflicte na acta da comisión electoral do día 18 de maio de 2022, e segundo dispón o artigo 24 dos seus Estatutos .

Ambas as dúas partes se recoñecen mutua capacidade para obrigarse e conveniar

MANIFESTAN

PRIMEIRO.

Con data 23 de maio de 2024 asinouse o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero, e complementariamente a outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar.

A súa vixencia, segundo o disposto na cláusula décimo cuarta, será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025.

O 26 de agosto de 2024 as seguintes aplicacións contables deste convenio foron obxecto dunha formalización para o mellor desenvolvemento dos programas aprobados na Conferencia Sectorial de Igualdade e unha mellor imputación dos gastos deste convenio, do seguinte xeito:

1.- Retención de crédito, disposición e autorización **negativa** de gasto, **en formalización**, que se corresponde cos seguintes documentos contables:



APLICACIÓN	PROXECTO	DOC. CONTABLE	REFERENCIA CONTABLE	ELEX.	IMPORTE
38.06.313D.481.0	2015 00145	RC/	2024-13-00132-6	N	250.000,00
38.06.313D.481.2	2018 00112			N	137.000,00
38.06.313D.481.0	2015 00145	A/	2024-13-00132-5	N	250.000,00
38.06.313D.481.2	2018 00112			N	137.000,00
38.06.313D.481.0	2015 00145	D/	2024-13-00132-4	N	250.000,00
38.06.313D.481.2	2018 00112			N	137.000,00

2.- Retención de crédito, disposición e autorización do gasto, **en formalización**, para imputar ao crédito destinado ao financiamento de proxectos aprobados pola Conferencia Sectorial de Igualdade:

APLICACIÓN	PROXECTO	DOC. CONTABLE	REFERENCIA CONTABLE	ELEX.	IMPORTE
38.06.313D.481.0	2015 00145	RC	2024-13-00132-7	N	250.000,00
38.06.313D.481.0	2012 00931			N	137.000,00
38.06.313D.481.0	2015 00145	A	2024-13-00132-8	N	250.000,00
38.06.313D.481.0	2012 00931			N	137.000,00
38.06.313D.481.0	2015 00145	D	2024-13-00132-9	N	250.000,00
38.06.313D.481.0	2012 00931			N	137.000,00

Dende o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia púxose de manifesto a necesidade de incrementar a dotación económica achegada pola Consellería de Política Social e Igualdade para financiar o desenvolvemento do Programa de atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero e para as e os menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, e do Programa de atención



psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, de maneira que se garanta a atención á totalidade de casos.

A cláusula cuarta do convenio establece, no seu punto 3, que cando as cantidades establecidas nesta cláusula resulten insuficientes para o financiamento da prestación da atención psicolóxica, se existe crédito axeitado e suficiente, poderase aprobar unha ampliación da contía mediante a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración, logo dos trámites legais exixidos.

Dado o importante aumento no número de persoas usuarias así como de persoas que demandan entrar no programa, e logo de acordo co Colexio Oficial de Psicología de Galicia, dende a Consellería de Política Social e Igualdade estímase conveniente dar resposta á dita demanda, para os efectos de poder prestar unha atención psicolóxica especializada a todas as persoas que así o precisan.

Así, dende a Consellería de Política Social e Igualdade procédese a incrementar a dotación económica do convenio en corenta e cinco mil cincocentos euros (45.500€), corenta mil euros (40.000 €) para o desenvolvemento do Programa de atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero e para as e os menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, e cinco mil cincocentos euros (5.500 €) para o Programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar.

Amplíase tamén o prazo de presentación da xustificación, necesidade derivada deste incremento da dotación económica achegada.

Por conseguinte, ambas partes

ACORDAN

Primeiro. Modificar a cláusula cuarta do convenio do seguinte xeito:

"1. Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade aboará ao Colexio Oficial de Psicología de Galicia a cantidade total de 432.500 € (catrocentos trinta e dous mil cincocentos euros) dos orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, imputados ás seguintes aplicacións orzamentarias e códigos de proxecto:

- 250.000 € (douscentos cincuenta mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 38.06.313D.481.0 (código de proxecto 2015 00145).
- 137.000 € (cento trinta e sete mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 38.06.313D.481.0 (código de proxecto 2012 00931).
- 45.500 € (corenta e cinco mil cincocentos euros) con cargo á aplicación orzamentaria 38.06.313D.481.2 (código de proxecto 2018 00112), enmarcada nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), correspondentes á CCAA de



Galicia.

E, de acordo coa seguinte distribución:

1.1 Programa de atención psicolóxica a mulleres e menores que sufran violencia de xénero e complementariamente a outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero.

Liña 1: Atención psicolóxica a mulleres e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero:

Cobertura da asistencia das consultas a realizar: 60 euros/sesión.

Cobertura da asistencia domiciliaria urxente en caso de morte por violencia de xénero: 60 euros/hora, ata un máximo de 480 € por día (8 horas).

Asistencia oral en xuízo: 150 euros/xuízo.

Liña 2: Atención psicolóxica a menores que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero:

Cobertura da asistencia das consultas a realizar: 60 euros/sesión.

Cobertura da asistencia domiciliaria urxente en caso de morte por violencia de xénero: 60 euros/hora, ata un máximo de 480 € por día (8 horas).

Asistencia oral en xuízo: 150 euros/xuízo.

A suma das contías de cobertura de calquera tipo de asistencia deste programa terá como límite o tope máximo de 376.900 euros.

Outros gastos do programa (dietas, desprazamentos, material funxible, telefonía móbil, bibliográfica, gastos administrativos, formación): **5.500 euros**. Os gastos de desprazamento aboaranse a 0,19 euros o quilómetro, e os gastos de autoestrada, de ser o caso, achegando os xustificantes correspondentes.

Coordinación do programa (1 coordinador/a): **8.000 euros**.

Total gastos: 390.400 euros.

1.2. Programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar: "Abramos o Círculo".

Cobertura da asistencia das consultas a realizar: 60 euros/sesión.

Asistencia oral en xuízo: 150 euros/xuízo.

A suma das contías de cobertura da asistencia das consultas e asistencia oral en xuízo: terá como límite o tope máximo de **30.500 euros**.

Outros gastos (desprazamentos, material funxible, telefonía móbil, bibliográfica, gastos administrativos, formación): **3.600 euros**.



Coordinación do programa (1 coordinador/a): **8.000 euros.**

Total gastos: 42.100 euros

2. No caso de que non se esgote a contía máxima asignada para as coberturas de asistencia e asistencia oral en xuízo, nalgún dos programas anteriores, o remanente poderá destinarse á asistencia e/ou asistencia oral en xuízo doutro dos programas ou liñas indicados, de ser preciso, sen ter en conta os topes máximos sinalados para dita finalidade.
3. Cando as cantidades establecidas nesta cláusula resulten insuficientes para o financiamento da prestación da atención psicolóxica, se existe crédito axeitado e suficiente, poderase aprobar unha ampliación da contía mediante a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración, logo dos trámites legais exixidos."

Segundo. Modificar o penúltimo parágrafo da cláusula sexta, relativa á xustificación e pagamento, do seguinte xeito:

"A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 16 de novembro de 2023 e o 15 de novembro de 2024, e deberá presentarse na Consellería de Política Social e Igualdade con data límite 16 de decembro de 2024. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificadas. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

E en proba de conformidade as partes asinan esta addenda."

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E
IGUALDADE

A DECANA DO COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

Fabiola García Martínez

Mª Rosa Álvarez Prada

